

LECTIO SEPTIMA

4ª E 5ª DECLINACIÓNS. DEMOSTRATIVOS E NUMERAIS.
VERBOS IRREGULARES, DEFECTIVOS E IMPERSOAIS.
A PROSA HISTORIOGRÁFICA: SALUSTIO E TÁCITO.
ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (VI)

7.1. A flexión nominal:

7.1.1. 4ª declinación.

7.1.2. 5ª declinación: un fósil.

7.2. A flexión verbal:

7.2.1. Verbos irregulares frecuentes.

7.2.2. Compostos de SVM.

7.2.3. Verbos defectivos e impersoais.

7.3. A flexión pronominal:

7.3.1. Os demostrativos.

7.3.2. Os numerais.

7.4. A prosa historiográfica.

7.4.1. Concepto de Historiografía.

7.4.2. Algunhas lecturas: Salustio e Tácito.

7.5. *Romāni latine loquebantur (VI).*

COGITA!

1. Intenta conxugar os seguintes tempos verbais do galego e o castelán:

- Presente de Indicativo do verbo **abolir**.
- Pret. Perfecto de Indicativo do verbo **pracer / *placer***.
- Presente de Subxuntivo do verbo **ouvir** (variante en galego de **oír**).
- Fut. Perfecto de Subxuntivo de calquera verbo en castelán.

Se non es quen de facelo, pensa se é culpa túa ou do idioma.

2. Que cres que significa esta oración latina?



Mater tua mala burra est

3. Cal é o SUX desta oración?

Gústame o cine

4. Que diferenza existe entre o emprego dos demostrativos nestes dous exemplos?

Esta torre é a máis alta de Francia



O asasino perseguía cunha culler ben afiada a súa vítima. Esta agochouse tras dun delgado poste da luz, confiando en non ser vista

5. Serías capaz de escribir en letra os seguintes numerais?

9.460.800.000.001 (máis ou menos é a distancia en quilómetros á que se atopa Alpha Centauri, a estrela máis próxima á Terra despois do sol: é dicir, aproximadamente 4 anos-luz):

347º:

6. Sabes o que é un Arquivo Municipal? Ou o Arquivo Histórico de Galicia, por exemplo? E uns Anais? Ou unha hemeroteca?

MEMENTO!

1. Aparecen agora as dúas derradeiras declinacións latinas: a 4ª e a 5ª. Agrupan, respectivamente, os substantivos de tema en **-u** e tema en **-e**. Non son problemáticas en exceso, agás que a 4ª ten bastantes desinencias en común coa 2ª. Tocante á 5ª, case non existe, xa que nos textos (lembremos sempre que estudamos o rexistro escrito do latín) se documentan todos os casos, en singular e plural, unicamente de dúas palabras: **res** e **dies**.

Coma sempre que vemos unha nova declinación, o primeiro paso é identificar os substantivos que pertencen a elas pola súa entrada no vocabulario, ou enunciado. Como vimos na *LECTIO QVARTA*, os substantivos modelo para cada unha delas eran:

manus	manus	manus, -us
dies	diēi	dies, -ēi

Polo tanto, sempre que vexamos que a segunda forma do enunciado dun substantivo remata en **-us**, pertencerá á 4ª declinación; e se é **-ēi**, será da 5ª.

A 4ª declinación é semellante á 3ª no tratamento do xénero: hai masculinos, femininos e neutros. Mais, de xeito distinto ó que sucedía coa 3ª, distínguense morfoloxicamente, xa que a 4ª non ten tanta variedade de Nom. sing.: se a 1ª forma do enunciado remata en **-us**, o substantivo será masculino ou feminino (indicarase entre parénteses), mentres que se acaba en **-u**, sempre será neutro. Velaquí as desinencias destas dúas declinacións:

4ª DECLINACIÓN				
<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>MASCULINOS E FEMININOS</u>		<u>NEUTROS</u>	
	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRIB)	manus	manus	cornu	cornua
VOC	manus	manus	cornu	cornua
AC (CD/CC)	manum	manus	cornu	cornua
XEN (CN)	manus	manuum	cornus	cornuum
DAT (CI)	manui	manibus	cornui	cornibus
ABL (CC)	manu	manibus	cornu	cornibus

5ª DECLINACIÓN		
<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	<u>SINGULAR</u>	<u>PLURAL</u>
NOM (SUX/ATRIB)	res	res
VOC	res	res
AC (CD/CC)	rem	res
XEN (CN)	rei	rerum
DAT (CI)	rei	rebus
ABL (CC)	re	rebus

Observa a 4ª declinación e fíxate en como, unha vez máis, o paradigma dos neutros só se diferencia do outro nos tres primeiros casos (que ademais son iguais entre si), e como eses mesmos casos no plural rematan en **-a**. Insistimos en que é útil lembralo, xa que este fenómeno se dá en toda a flexión nominal latina (e na grega).

En canto á 5ª declinación, existen máis palabras que a seguen, á parte de **res** e **dies**, pero hai desinencias casuais que non se documentan nelas. Dicimos, polo tanto, que son palabras defectivas: non aparece en ningún texto latino clásico, por exemplo, o Abl. pl. de **fides, -ēi**. Como sería?

Por certo, unha comodidade: non existen adxectivos latinos que sigan estas dúas declinacións. Hai algúns, como **felix, felicis**, que só teñen

unha terminación (**felicitis** é aquí o Xen. sing., polo que o enunciado deste adxectivo é igual ó dun substantivo da 3ª declinación), e logo temos o caso raro de **acer, acris, acre** que, tendo tres terminacións, non se declina pola 1ª e a 2ª, senón que vai pola 3ª.

Agora que xa rematamos de ver toda a flexión nominal latina, a canción *Carmen declinativum*, na súa versión completa, pode resultar útil para memorizar as desinencias.



2. O latín, igual que galego e castelán (e outras linguas), posúe unha serie de verbos que escapan da conxugación regular. Son os irregulares, dos cales o máis importante, como xa vimos, é o **sum**.

A adición de certos prefixos deu como resultado unha serie de verbos compostos de **sum**, que son iguais a el en toda a conxugación. Podes ver unha lista deles, cos seus significados, na sección *GRAMMATICA*.

Con todo, cómpre prestar atención a dous deses compostos, xa que a interacción entre o prefixo e as formas do verbo provocaron certas alteracións fonéticas que nos poden despistar á hora de identificar o verbo. Son os seguintes:

- **possum, potes, posse, potui** (“poder”, “ser capaz de”): Como ves no enunciado, a forma do prefixo alterna entre **pos-** e **pot-**. Unha forma como **poterāmus** (1ª p. pl. Pret. Imp. Ind.), podería despistarnos se no vocabulario buscamos un verbo como ***poteo**.

- **prosum, prodes, prodesse, profui** (“aproveitar, ser proveitoso para alguén”): De novo observamos aquí unha alternancia, esta vez entre **pro-** e **prod-**, que tamén nos pode levar a engano.

Un bo consello á hora de enfrontarse ós compostos de **sum** é estar moi atento á parte media e final da forma, por se recoñecemos nela a conxugación do verbo **sum** simple.

Outra serie de verbos irregulares, e bastante frecuentes, son os que verás agora. A conxugación completa tela na sección *GRAMMATICA*. A seguir comentamos os seus trazos máis importantes:

- **edo, edis, edere (ou esse), edi, essum** (“comer”): Posúe unha serie de formas coincidentes coas de **sum**: o infinitivo, varias formas do Presente de Indicativo, unha das posibilidades do Pret. Imperfecto de Subxuntivo, e outras.

- **volo, vis, velle, volui** (“querer”) e os seus compostos **nolo, nolis, nolle, nolui** (“non querer”) e **malo, malis, malle, malui** (“preferir”): Fíxate no seu infinitivo, totalmente irregular, o que se xunta ás particularidades que teñen no Presente de Indicativo e Subxuntivo, e no Pret. Imperfecto de Subxuntivo.

- **eo, is, ire, ivi, itum** (“ir”): Completamente irregular, é a orixe de parte da conxugación do noso verbo *ir*, en galego e castelán.

- **fero, fers, ferre, tuli, latum** (“levar”): Observa o seu infinitivo e tamén o seu Tema de Perfecto, que non ten nada que ver co de Presente (por non falar do supino). As maiores irregularidades están no Presente de Indicativo e no Pret. Imperfecto de Subxuntivo.

Por último, o latín, igual que as nosas linguas, tamén posúe unha serie de verbos defectivos (non se empregan máis que en determinadas formas) e os que a gramática tradicional chamaba “impersoais” (non son tal, como vimos na Actividade 3). Son os que describen fenómenos atmosféricos ou os tipo “gústame”, “cómpre”, “avergoña”, etc. Tes unha lista dos máis empregados na sección *GRAMMATICA*.

3. Os demostrativos forman parte da flexión pronominal, xa que teñen unha declinación propia e independente da dos substantivos e adxectivos. Dispós das declinacións completas na sección *GRAMMATICA*. Todos teñen tres formas, unha para cada xénero (aínda que o Xen. e o Dat. sing. son comúns ós tres). Velaquí os seus enunciados, usos e traducións:

DEMOSTRATIVOS DEÍCTICOS	
ENUNCIADO	TRADUCIÓN
hic, haec, hoc	“este, esta, isto”
iste, ista, istud	“ese, esa, iso”
ille, illa, illud	“aquele, aquela, aquilo”
DEMOSTRATIVOS FÓRICOS	
ENUNCIADO	TRADUCIÓN
is, ea, id	“este, esta, isto” Cando vai en Ac. pódese traducir por un pronome átono: o, a, os, as .
DEMOSTRATIVOS IDENTIFICATIVOS	
ipse, ipsa, ipsum	“el mesmo, ela mesma, elo mesmo”
idem, eadem, idem	“o mesmo, a mesma, o mesmo”

A diferenza entre a deixe e a fórese consiste en que a primeira se refire a unha indicación no mundo real, e a segunda sinala nun texto (ver Actividade 4). Con todo, ás veces aparecen os deícticos en función fórica. En canto á diferenza entre **ipse** e **idem**, é a seguinte:

- **idem** é empregado para referirnos a unha persoa ou cousa xa mencionada, indicando que é o mesmo ó que aludiamos antes.

Idem labores fecit (“Fixo os labores o mesmo”)

- **ipse** identifica sen lugar a dúbidas unha persoa ou cousa, por oposición a outros.

Ipsse labores fecit (“Fixo os labores el mesmo”)

4. O latín é un idioma moi rico en numerais. Non só posúe cardinais e ordinais (que legou a galego e castelán), senón tamén dúas series que nós non temos: unha de distributivos e outra de adverbios multiplicativos. A seguir comentamos as características máis importantes de cada un dos grupos:

- **cardinais**: os únicos que se declinan son os seguintes:

NUMERAIS		DECLINACIÓN
1	unus, -a, -um	2 ^a -1 ^a -2 ^a (só en singular)
2	duo, -ae, -o	2 ^a -1 ^a -2 ^a (só en plural)
3	tres, tria	3 ^a (só en plural)
centenas do 200 en adiante	-i, -ae, -a	2 ^a -1 ^a -2 ^a (só en plural)
1.000	mille	3 ^a (só plural neutro: milia , etc.)

- **ordinais**: todos eles seguen a declinación dos adxectivos do 1^o tipo (modelo **bonus, -a, -um**)

- **distributivos**: Igual que os anteriores, mais só en plural.

- **adverbios multiplicativos**: como todo adverbio, son palabras invariables.

Tes unha lista completa dos numerais ordinais e cardinais na sección *GRAMMATICA*.

5. Os romanos foron sempre moi afeccionados á Historiografía. Dotados dun intenso sentido do respecto ós antepasados, desde os seus primeiros tempos gustaron de rexistrar, mesmo de maneira ritual, os acontecementos que tiñan lugar cada ano, nuns documentos chamados *Annales*. Co tempo, moitos escritores dedicáronse a relatar, tanto o curso xeral da Historia da cidade e as súas conquistas, como sucesos concretos. E, ademais, moitos deles querían interpretar os feitos pasados á luz da súa época contemporánea, para intentar demostrar algunha tese de carácter político: a “superioridade natural” de Roma sobre os pobos veciños, ou a preeminencia dun grupo dirixente sobre outro. E iso influíu directamente na imaxe que temos de cada época: pensa que non conservamos ningunha visión cartaxinesa das Guerras Púnicas nin tampouco da oposición ó réxime que instaurou Augusto (polo menos na súa época).

O método de traballo da maioría dos historiadores romanos consistía en acudir ós arquivos oficiais para investigar como foran consignados os feitos e estudar as obras dos escritores que abordaran o mesmo asunto antes ca eles, tanto gregos coma romanos. Por último, dábanlle á súa obra a orientación ideolóxica que desexaban, o cal adoitaban declarar no prólogo. Hoxe en día, o método de traballo dos historiadores profesionais ten bastante en común co dos antigos romanos, sobre todo no que se refire á investigación das fontes documentais. E, desde logo, todo especialista en Historia ten o seu posicionamento ideolóxico que, se é honesto, debe explicitar na introdución á súa obra. Lembra que a obxectividade completa é inalcanzable.

Nas páxinas seguintes tes exemplos do traballo de tres historiadores romanos. Intenta descubrir que perspectiva adoptan sobre os feitos que narran: redacta un comentario.

SALUSTIO (86 - 35 a.C.)

L. Catilīna, nobīli genēre natus, fuit magna vi et anīmi et corpōris, sed ingenio malo pravōque. Huic ab adulescentia bella intestīna, caedes, rapīnae, discordia civilis grata fuēre, ibīque iuventūtem suam exercuit. Corpus patiens inediae, algōris, vigiliae, supra quam cuiquam credibīle est. Anīmus audax, subdōlus, varius, cuius rei lubet simulātor ac dissimulātor, aliēni adpētens, sui profūsus, ardens in cupiditatībus; satis eloquentiae, sapientiae parum. Vastus anīmus inmoderāta, incredibilia, nimis alta semper cupiēbat.

(C. Sallūstii Crispi De coniuratiōne Catilīnae, V, 1-6)

L. Catilina, nacido de nobre familia, foi un home de grande enerxía, tanto física como espiritual, pero de carácter malvado e depravado. Desde a súa adolescencia resultáronlle atractivas as revoltas internas, as matanzas, as rapinas, a conflitividade civil en xeral, e a estas cousas dedicou os seus anos mozos. O seu corpo aturaba a falta de alimento, o frío e a falta de sono máis aló do que calquera poida crer. O seu espírito era ousado, astuto, difícil de catar, capaz de finxir e disimular calquera cousa; era amigo do alleo, gastador do seu; bulía coa ambición; a súa oratoria era bastante locuaz, mais pouco sensata. O seu insaciable espírito sempre ambicionaba obxectivos desmesurados, increíbles, demasiado elevados.

(G. Salustio Crispo, A conxuración de Catilina, V, 1-6)

TÁCITO (ca. 55 - ?)

Urbem Romam a principio reges habuere; libertatem et consulatum L. Brutus instituit. Dictaturae ad tempus sumebantur; [...] Non Cinnae, non Sullae longa dominatio; et Pompei Crassique potentia cito in Caesarem, Lepidi atque Antonii arma in Augustum cessere, qui cuncta discordiis civilibus fessa nomine principis sub imperium accepit. Sed veteris populi Romani prospera vel adversa claris scriptoribus memorata sunt; temporibusque Augusti dicendis non defuere decora ingenia, donec gliscente adulatione deterrerentur. Tiberii Gaique et Claudii ac Neronis res florentibus ipsis ob metum falsae, postquam occiderant recentibus odiis compositae sunt. Inde consilium mihi pauca de Augusto et extrema tradere, mox Tiberii principatum et cetera, sine ira et studio, quorum causas procul habeo.

(P. Cornelii Taciti *Annales*, I, 1)

Nun principio o réxime de goberno da cidade de Roma foi a monarquía. L. Bruto instituíu as liberdades republicanas e o consulado como cargo máis alto. En momentos moi concretos e limitados recorriase á Ditadura; [...] Os gobernos autoritarios de Cinna e de Sila non duraron moito¹. A influencia persoal que chegaron a ter Pompeio e Craso pasou a César nun momento determinado; este mesmo proceso repetiuse cando Lépido e Marco Antonio deberon ceder as súas forzas a Augusto, quen asumiu todos os poderes, baixo o nome de "primeiro cidadán", aproveitando unhas circunstancias de fatiga xeral despois das sucesivas guerras civís². Mais os éxitos e os fracasos do antigo pobo romano xa foron lembrados anteriormente por ilustres escritores; e para contar os feitos do tempo de Augusto non faltaron destacados talentos, aínda que mediatizados por unha adulación demasiado evidente. Por outra banda, as historias que se escribiron en vida de Tiberio, Calígula, Claudio e Nerón³, están falseadas polo medo, mentres que despois da súa morte se publicaron outras tinguidas de odio. Por iso, o meu propósito é narrar uns poucos feitos da época de Augusto para decontado pasar ós feitos posteriores (o goberno de Tiberio e os seus sucesores); e isto sen anoxo nin tomar partido, pois os motivos que poderían facer xurdir en min calquera das dúas cousas xa me collen lonxe.

(P. Cornelio Tácito *Anais*, I, 1)

¹ Dous gobernantes absolutos que gobernaron Roma con man de ferro a finais do s. II a. C. e principios do I a. C.

² Tácito resume aquí os principais acontecementos políticos do s. I a. C., citando os personaxes sobranceiros.

³ Como o lector deber saber, estes catro foron emperadores romanos; en concreto, foron os inmediatamente posteriores a Augusto, e que ocuparon os dous primeiros tercios do s. I d. C.

Dispós dunha análise literaria detallada de dous textos históricos (o de César, que vimos na *LECTIO TERTIA*; e o de Salustio que acabamos de ler) na presentación *HISTORICI ROMANI*.



6. Os demais animais formaron sempre parte inseparable da existencia humana. Polo tanto, convirá coñecer os nomes dalgúns deles en latín, e mesmo velos ilustrados na presentación *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (VI)*:

PALABRA	TRADUCIÓN
<i>pullus</i>	
<i>columbus, -a</i>	
<i>apis</i>	
<i>anas</i>	
<i>agnus</i>	
<i>gallus</i>	
<i>gallina</i>	
<i>cuniculus</i>	
<i>taurus</i>	
<i>ovis</i>	
<i>capra</i>	
<i>cochlea</i>	
<i>mus</i>	
<i>sus</i>	
<i>canis</i>	
<i>asinus</i>	
<i>equus</i>	
<i>bos</i>	
<i>vacca</i>	
<i>feles</i>	
<i>testudo</i>	

